

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 18.04.2017 Hora: 16:00

A Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de abril de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 6435 (10/POC-001118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o deficiente orzamento do Goberno galego reflectido nos informes do Consello de Contas de Galicia, así como o uso do Fondo de Continxencia como ferramenta para a cobertura de gastos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 1.2 6498 (10/POC-001131)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto das causas da existencia dun maior nivel de pechamento de oficinas bancarias en Galicia que na media do Estado, a súa incidencia no servizo que prestan as entidades financeiras ás persoas consumidoras, así como a existencia dunha axeitada prestación deses servizos, en particular no medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 1.3 6622 (10/POC-001150)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre o estado de implantación en que se atopa, no sistema contable da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos fondos de cooperación interterritorial, as razóns existentes para non xustificar diante da Administración central a totalidade deses fondos ao remate do exercicio, así como as do baixo nivel de execución que presentan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 1.4 6866 (10/POC-001187)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as demandas que vai

realizar ao Goberno central en relación coa sentenza referida aos gastos hipotecarios e á reclamación polas persoas afectadas da devolución das cantidades cobradas de xeito indebido polas entidades bancarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

- 1.5 6896 (10/POC-001194)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre a evolución que presentan os salarios en Galicia no ano 2016, reflectida na enquisa trimestral de custo laboral publicada polo INE para o cuarto trimestre de 2016, e a súa comparativa en relación co resto do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

- 1.6 6904 (10/POC-001195)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre o importe anual da emisión de débeda da Xunta de Galicia no período 2012-2016, o tipo de xuro medio de cada un deses anos e os datos referidos ás operacións formalizadas nos anos 2012 ao 2015, así como o prazo medio de duración dos préstamos formalizados en cada exercicio e as vantaxes cuantificables que obtivo Galicia por non acudir aos mecanismos públicos de financiamento, FLA
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

Punto 2. Dación de conta

- 2.1 Modificacións orzamentarias
- 2.2 6679 (10/MOP-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2016
Publicación, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 2.3 6688 (10/MOP-000005)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xaneiro de 2017
Publicación, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 2.4 6689 (10/MOP-000006)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de febreiro de 2017
Publicación, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 6435(10/POC-001118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o deficiente orzamento do Goberno galego reflectido nos informes do Consello de Contas de Galicia, así como o uso do Fondo de Continxencia como ferramenta para a cobertura de gastos

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á deficiente orzamentación da Xunta sinalada nos informes do Consello de Contas.

O Fondo de Continxencia é unha partida de contía variable que a Xunta dota todos os anos nos seus orzamentos para facer fronte a gastos imprevistos. Adoita recorrerse a ese Fondo de Continxencia para, co exercicio xa iniciado, asumir gastos incorrectamente orzamentados noutras áreas. Nos últimos anos, en especial nas partidas destinadas a persoal dos servizos sanitarios.

Con respecto ao uso deste fondo, tanto no informe do Consello de Contas “Declaración definitiva sobre a conta xeral da comunidade autónoma. Exercicio 2014” como no “Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración. Exercicio 2014” sinálase que *“o fondo de continxencia, lonxe de servir para a atención de gastos imprevistos e non discrecionais, constituíu unha ferramenta para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente orzamentación, por escasamente realista, e que son reiteradamente orzados á baixa para dotalos do crédito necesario ao longo do exercicio, ás veces incluso en base a estimacións e non a necesidades xurdidas”*.

Esta mala práctica orzamental por parte da Xunta de Galiza semella ter un claro carácter intencionado, xa que, como ben sinalan os informes, existen partidas que son



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 11:05
Nº Rexistro: 6435
Data envío: 10/03/2017 11:05:24.846

ano tras ano orzadas á baixa. Esta intencionalidade amósase máis evidente ao ocultar a propia Xunta o recurso ao fondo de continxencia ante os medios. Tal e como denunciaba recentemente un xornal dixital, desde 2013, nos Consellos da Xunta o goberno galego autorizou polo menos en 13 ocasións recorrer a cartos do Fondo de Continxencia para cubrir gastos non previstos nos seus orzamentos, por importes que suman 280 millóns de euros. Porén, ningún deses acordos foi incluído nin nas roldas de prensa de Núñez Feijóo realizadas despois dos consellos, nin nos listados de asuntos aprobados que se envían posteriormente aos medios de comunicación. Fronte á ocultación deses acordos de contido económico, nos listados de asuntos tratados neses mesmos consellos a Xunta adoita incluír numerosos informes de mero carácter propagandístico sen validez administrativa ningunha.

Por último, cómpre sinalar que o Fondo de Continxencia para o presente ano na Administración Xeral ascende a 4,5 millóns de euros e xunto co previsto no servizo Galego de Saúde, por importe de 31,7 millóns, totalizan o fondo total nos orzamentos de 2017 de 36,2 millóns de euros.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza das conclusións sinaladas nos informes do Consello de Contas a respecto da mala orzamentación por parte da Xunta e do uso do fondo de continxencia como ferramenta para a cobertura de gastos?

-Ten adoptado a Xunta de Galiza algunha medida tendente a corrixir a mala orzamentación denunciada polo Consello de Contas?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A que razón se debe que nos Consellos da Xunta, o Goberno oculte sistematicamente o recurso ao fondo de continxencia na información que se proporciona aos medios de comunicación?

-Por que a Xunta de Galiza realiza, segundo o Consello de Contas, unha deficiente orzamentación, escasamente realista, con gastos reiteradamente orzados á baixa?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/03/2017 10:50:07

Ana Pontón Mondelo na data 10/03/2017 10:50:13



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 11:05
Nº Rexistro: 6435

Data envío: 10/03/2017 11:05:24.846

Olalla Rodil Fernández na data 10/03/2017 10:50:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/03/2017 10:50:22

María Montserrat Prado Cores na data 10/03/2017 10:50:25

Xosé Luis Bará Torres na data 10/03/2017 10:50:28

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 6498(10/POC-001131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto das causas da existencia dun maior nivel de pechamento de oficinas bancarias en Galicia que na media do Estado, a súa incidencia no servizo que prestan as entidades financeiras ás persoas consumidoras, así como a existencia dunha axeitada prestación deses servizos, en particular no medio rural

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 12:40
Nº Rexistro: 6498
Data envío: 13/03/2017 12:40:28.958

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao peche de oficinas bancarias en Galiza.

Dende o comezo da crise ven sendo unha constante o peche de oficinas bancarias. De feito, o estado español asumiu a metade do peche da rede de oficinas bancarias da zona euro. En Galiza produciuse unha caída máis intensa que a producida no conxunto do estado en canto a número de oficinas se refire, cunha caída dende o 2009 do 34,7% fronte ao 30,3% do conxunto estatal. Xa que logo, produciuse un empeoramento nos servizos financeiros á cidadanía máis intenso que a media.

Polo tanto, na actualidade, Galiza a pesares de concentrar a metade de núcleos poboacionais de todo o estado, non conta cunha rede de oficinas acorde a esa realidade territorial. No noso país hai unha oficina bancaria por cada 1.661 persoas. Dito doutro xeito, hai 60,2 oficinas por cada cen mil persoas, mentres a media estatal sitúase nas 63,3 oficinas por cada cen mil persoas, o cal amósanos un deficiente servizo por parte das entidades financeiras.

Así, a reestruturación bancaria deixou a numerosos municipios rurais sen sucursais bancarias, ao tempo que diversas entidades impulsaron un servizo de sucursais móbiles para chegar aos clientes. Con todo, as súas rutas non cobren toda a xeografía e a visita periódica destas sucursais móbiles non convence aos veciños dos municipios que se quedan sen oficinas. Doutra banda, é unha queixa común dos consumidores o incremento das colas nas sucursais, e mesmo os empregados da banca sinalan que a redución de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 12:40
Nº Rexistro: 6498
Data envío: 13/03/2017 12:40:28.958

oficinas non viu acompañada dun dimensionamento dos cadros de persoal das que permanecen abertas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-A que cre a Xunta de Galiza que é debido que o peche de oficinas en Galiza sexa máis intenso que a media estatal?

-A que cre a Xunta de Galiza que é debido que Galiza conte con menos oficinas bancarias en relación aos habitantes que a media estatal a pesares de ter a metade de núcleos poboacionais do conxunto do estado?

-Considera a Xunta de Galiza que o peche de oficinas está a supoñer un deficiente servizo para as persoas consumidoras por parte das entidades financeiras?

-Considera a Xunta de Galiza que existe unha adecuada prestación de servizos financeiros en Galiza e nomeadamente no rural?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 12:40
Nº Rexistro: 6498
Data envío: 13/03/2017 12:40:28.958

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 12:35:42

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 12:35:48

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 12:35:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 12:35:56

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 12:36:00

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 12:36:02

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 6622(10/POC-001150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o estado de implantación en que se atopa, no sistema contable da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos fondos de cooperación interterritorial, as razóns existentes para non xustificar diante da Administración central a totalidade deses fondos ao remate do exercicio, así como as do baixo nivel de execución que presentan

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Un dos últimos informes de fiscalización remitidos polo Consello de Contas é sobre os Fondos de Compensación Interterritorial do exercicio 2014.

No dito informe atopamos, entre as recomendacións feitas polo Consello de Contas, unha serie delas que nos preocupan, posto que tanto o nivel de transparencia como o índice de execución orzamentaria semellan claramente mellorables.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Xa se implantou o subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, integrado no sistema contable da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co fin de que cada centro xestor da contabilidade, teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos citados Fondos?

2ª) Cal é o motivo polo que non se xustifica a totalidade dos fondos ante a Administración do Estado ao remate do exercicio, co fin de que se utilicen máis eficientemente?

3ª) Cal ou cáles son as causas polas que o índice de execución destes fondos sexa só dun 37 %?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6622
Data envío: 14/03/2017 19:26:32.830



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/03/2017 19:06:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2017 19:07:04

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 6866(10/POC-001187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación coa sentenza referida aos gastos hipotecarios e á reclamación polas persoas afectadas da devolución das cantidades cobradas de xeito indebido polas entidades bancarias

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O 29 de marzo de 2011, a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) interpuxo unha demanda contra o Banco Popular Español, SA e o Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, na que se solicitaba sentenza declarando abusivas unha serie de cláusulas nos contratos bancarios cos consumidores, entre as que estaba a relativa a gastos e tributos, que é a que xera esta nulidade dos gastos da hipoteca.

A dita demanda foi repartida ao xulgado do Mercantil número 9 de Madrid que ditou sentenza o 8 de setembro de 2011 declarando a nulidade dunha serie de cláusulas, sendo polo tanto unha estimación parcial, posto que non todas foron declaradas abusivas.

Esta sentenza foi recorrida en apelación tanto pola OCU como polos bancos. O recurso correspondeulle á sección 28ª da Audiencia Provincial de Madrid que ditou sentenza estimando o recurso da OCU e incluíu máis cláusulas abusivas que a primeira sentenza, e desestimou directamente o recurso dos bancos na súa totalidade.

Á vista disto, os bancos interpuxeron recurso extraordinario por infracción procesual e recurso de casación.

O Tribunal finalmente decidiu desestimar os recursos extraordinarios por infracción procesual e de casación interpostos polos bancos contra a sentenza do 26 de xullo de 2013, ditada pola Audiencia Provincial de Madrid.

O 23 de decembro de 2015 publicouse a resolución da Sa do Civil do Tribunal Supremo, Sentenza 705/2015, que veu declarar como abusivas unha serie de cláusulas dos contratos bancarios asinados con consumidores e, polo tanto, establece a nulidade dos gastos hipotecarios, concluíndo que no caso dos gastos derivados da constitución da hipoteca, o prestamista é o suxeito pasivo a favor do



Grupo Parlamentario

que se inscribe o préstamo, polo tanto é o obrigado ao pago na súa totalidade posto que obtén un título executivo, constitúe a garantía real e adquire a posibilidade de execución especial. Igualmente no referente ao Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, o prestamista se considera o suxeito pasivo, polo que debe aboar o imposto.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo anteriormente exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno galego establecer un plan específico para apoiar ás persoas afectadas pola sentenza dos gastos hipotecarios, para que estes podan reclamar diante das entidades bancarias?

2ª) Ten previsto o Goberno galego negociar coas entidades bancarias un código de devolución dos gastos hipotecarios que facilite e acelere a devolución das cantidades cobradas indebidamente?

3ª) Ten previsto o Goberno galego reclamar ao Goberno central que estableza un proceso de axilización, control e responsabilidade corporativa por parte do sector bancario ante as demandas das persoas usuarias afectadas polos gastos hipotecarios?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/03/2017 17:09:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/03/2017 17:09:27

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 6896(10/POC-001194)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a evolución que presentan os salarios en Galicia no ano 2016, reflectida na enquisa trimestral de custo laboral publicada polo INE para o cuarto trimestre de 2016, e a súa comparativa en relación co resto do Estado

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017



Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O IGE vén de publicar a enquisa trimestral de custo laboral para o cuarto trimestre de 2016 cun resultado tan sorprendente como preocupante: o salario en Galicia diminuíu un 0,3% en comparación co mesmo trimestre do 2015. Isto é, os salarios están baixando en termos nominais e, polo tanto, perdendo poder adquisitivo.

A conclusión é evidente: a macroeconomía vai ben pero á xente vaille peor. O custo salarial ordinario, que nos aproxima ao salario bruto mensual dunha persoa asalariada, remata o 2016 en 1.438 euros, unha cifra inferior a do cuarto trimestre de 2015, pero tamén por baixo da de 2014, da de 2013, da de 2012 e da de 2011.

Para que se entenda ben, aínda sen ter en conta a evolución dos prezos, o salario nominal de 2016 está por baixo do de 2011.

Segundo o discurso oficial, a economía galega está en recuperación dende o ano 2014, de tal forma que o 2016 sería o terceiro ano de recuperación, cunha taxa de variación do PIB superior ao 3%. Poren, os salarios non só non medran, senón que se reducen, en termos nominais e moito máis en termos reais.

Tendo en conta esta evolución dos salarios, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1.^a) Como explica a Xunta de Galicia que os salarios sigan caendo en Galicia en 2016?



2.ª) Como explica a Xunta de Galicia que a devaluación salarial que continuamos sufrindo en 2016 sexa máis intensa aquí que na media do Estado?

3.ª) Considera a Xunta de Galicia que se pode chamar recuperación a un modelo de crecemento que deprime os salarios, que é a fonte de ingresos do 90% das persoas que participan na actividade económica?

4.ª) Ata cando considera a Xunta de Galicia que vai continuar a devaluación salarial?

5.ª) Reducir os salarios é unha estratexia premeditada do Goberno ou só é unha mostra da súa incapacidade para trasladar o crecemento do PIB ao benestar da maioría social?

6.ª) Que lle parece á Xunta de Galicia que os salarios nominais en 2016 estean por baixo dos de 2011?

7.ª) Cales van ser as consecuencias da caída dos salarios reais sobre o cadro macroeconómico, isto é, sobre o crecemento do PIB ou nos ingresos tributarios vinculados tanto á renda das persoas como ao consumo?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 12:41
Nº Registro: 6896
Data envío: 22/03/2017 12:41:09.128



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 22/03/2017 12:30:59

Antón Sánchez García na data 22/03/2017 12:31:35

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 6904(10/POC-001195)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre o importe anual da emisión de débeda da Xunta de Galicia no período 2012-2016, o tipo de xuro medio de cada un deses anos e os datos referidos ás operacións formalizadas nos anos 2012 ao 2015, así como o prazo medio de duración dos préstamos formalizados en cada exercicio e as vantaxes cuantificables que obtivo Galicia por non acudir aos mecanismos públicos de financiamento, FLA

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

Un informe elaborado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas estuda os “beneficios de los mecanismos adicionales de financiación a Comunidades Autónomas y otras medidas de liquidez 2012-2015” no que se cuantifica o aforro en gastos financeiros do que se beneficiaron as CC.AA grazas as medidas adicionais de financiamento que puxo en marcha o goberno central a partires de 2012.

A conclusión fundamental do informe recollese na páxina 27 do mesmo, no que se cuantifica o aforro global e tamén a súa desagregación por cada comunidade autónoma.

Segundo o Ministerio o aforro estimado en pago de intereses do que se beneficiaron o conxunto das CC.AA. foi de 44.484 millóns de euros, cifra que se corresponde a todos os exercicios do prazo das operacións formalizadas con cargo aos mecanismos adicionais de financiamento.

Porén, esta elevada cifra global ten unha distribución por Comunidades Autónomas moi desigual.

Cataluña é a máis beneficiada, porque os 15.781 millóns de euros que se aforrarán equivalen ao 35% do total. Séguelle a Comunidade Valenciana con 10.665 millóns de euros, equivalente ao 24% do total de Andalucía con 7.244 millóns de euros, o 16% da cifra conxunta.



Pola contra Galicia é a terceira comunidade que menos se beneficiou: os 126 millóns de euros de aforro entre 2012 e 2015 apenas supoñen o 03% da cifra total.

Para facernos unha idea do forte desequilibrio basta saber que o aforro en pago de xuros do que se vai beneficiar Andalucía multiplica por 57 veces o de Galicia, o da Comunidade Valenciana chega ata 85 veces e se facemos a comparación con Cataluña a cifra dispárase ata 125 veces.

Unha situación inaceptable polo sobre custe que supón para os orzamentos da Xunta de Galicia, polo que o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.ª) Cal é o importe anual de emisión de débeda da Xunta de Galicia en 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016?
- 2.ª) Cal é o tipo de xuro medio de cada ano?
- 3.ª) Cal é a relación nominal das operacións formalizadas cada ano dende 2012 a 2015, con importe do préstamo, tipo de xuro, prazo de amortización e entidade coa que se formaliza?
- 4.ª) Cal é o prazo medio de duración dos préstamos formalizados en cada exercicio?
- 5.ª) Que vantaxes cuantificables obtivo Galicia por non acudir aos mecanismos públicos de financiamento (FLA)?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 13:58
Nº Rexistro: 6904
Data envío: 22/03/2017 13:58:04.981

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 22/03/2017 13:55:11

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2. Dación de conta

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 Modificacións orzamentarias

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 6679(10/MOP-000004)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Documentación respecto das modificacións orzamentarias
correspondentes ao mes de decembro de 2016

Publicación, 88, 23.03.2017

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.3 6688(10/MOP-000005)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Documentación respecto das modificacións orzamentarias
correspondentes ao mes de xaneiro de 2017



Publicación, 88, 23.03.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Para cumprir o indicado na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, trasládolle documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xaneiro de 2017.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 18.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.4 6689(10/MOP-000006)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Documentación respecto das modificacións orzamentarias
correspondentes ao mes de febreiro de 2017



Publicación, 88, 23.03.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Para cumprir o indicado na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, trasládolle documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de febreiro de 2017.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia